DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP "PÁRROCO DON CAMILO", EN SAN ANDRES DE COMESAÑA

01. Memoria Xustificativa

Anexo II. Estudo de avaliación da mobilidade

SITUACIÓN: CEIP PÁRROCO DON CAMILO
PARROQUIA SAN ANDRÉS DE COMESAÑA.
DATA: FEBREIRO 2025.
PROMOTOR: XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO.
CONCELLO DE VIGO.
ARQUITECTO: ÁNGEL J. SANTORIO CUARTERO.

CONCELLO DE VIGO
XERENCIA DE URBANISMO
Urbanización e Infraestructuras

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

ÍNDICE

01. Memoria Xustificativa 88

Anexo II. Estudo de avaliación da mobilidade 88

01.1 Avaliación da mobilidade segundo os usos previstos. 88

aLTERNATIVAS AVALIADAS 88

análise da mobilidade na actualidade 89

análise da mobilidade coa proposta do novo acceso ao ceip párroco don camilo 90

O RESULTADO DOS DESPRAZAMENTOS RESULTANTES DA NOVA PLANIFICACIÓN. 93

01.2 Rede de itinerarios principais para peóns. 94

01.3 rede de itinerarios para bicicletas. 95

01.4 rede básica de itinerarios principais de vehículos. 96

01.5 reservas para aparcamentos. 97

01.6 rede de itinerarios para transporte colectivo. 97

01.7 Representación das propostas de reservas de espazo de aparcamentos ou parada para os vehículos destinados ao transporte colectivo. 98

01.8 Representación das propostas de reservas de espazo para carga e descarga de mercadorías. 99

01.09 Xustificación do cumprimento das condicións esixidas pola normativa vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas no sector. 100

01.10 Encaixe e definición dos nodos de unión coa rede xeral do municipio (viaria, peonil, de bicicletas e de transporte público) 100

01.11 Proposta de financiamento dos diferentes custos xerados polo incremento de mobilidade debido á nova actuación. 101

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

01. Memoria Xustificativa

Anexo II. Estudo de avaliación da mobilidade

O presente estudo de avaliación da mobilidade ten como obxectivo definir as medidas e actuacións necesarias para que a nova mobilidade xerada no ámbito de estudo siga unhas pautas caracterizadas pola preponderancia dos medios de transporte máis sostibles, referido ao ámbito do plan especial.
Igualmente, o estudo de avaliación da mobilidade xerada pola nova actuación avalía, no ámbito de influencia do plan especial, o potencial incremento dos desprazamentos provocados pola nova planificación definida, e a capacidade de absorción das mesmas polos servizos viarios e polos sistemas de transporte.

Tamén se describe a viabilidade das medidas propostas no propio estudo para xestionar de forma sostible a nova mobilidade e, especialmente, as fórmulas de participación do promotor para colaborar na resolución dos problemas que esta xere.

01.1 AVALIACIÓN DA MOBILIDADE SEGUNDO OS USOS PREVISTOS.

Tal e como se describe polo propio obxecto do Plan Especial, en virtude da deficientes condicións actuais nas que funciona o acceso ao CEIP Párroco don Camilo, o novo vial de acceso ao CEIP proxectado pretende dar unha resposta solvente ás deficiencias existentes en canto á seguridade vial e a mobilidade e accesibilidade ao centro docente.

Así, o novo vial proxectado estará prácticamente especializado en resolver a accesibilidade ao CEIP, sen prexuízo de resolver outras conexións, actualmente igualmente deficientes, en canto á conectividade dos asentamentos cercanos.

ALTERNATIVAS AVALIADAS

Na seguinte imaxe se describen, sucintamente, as alternativas avaliadas no deseño da solución proxectada, as cales se desenvolven polo miúdo no apartado 5 do DAE.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura 01. Esquema de superposición das Alternativas avaliadas neste DAE (alternativas 1 á 4).

Ademáis, de seguido se realiza comparativa da análise da mobilidade na actualidade e en relación coa implementación do novo acceso proxectado.

ANÁLISE DA MOBILIDADE NA ACTUALIDADE

Realizando unha aproximación do tecido viario existente na contorna do CEIP, en canto ás infraestruturas de transporte que descorren polo seu ámbito funcional, diferéncianse as seguintes:

- Estrada PO-552, estrada de titularidade autonómica que conecta Vigo con Baiona, coñecida como estrada de Camposancos. Esta estrada é dende a que se plantea o enlace do novo vial de acceso proposto para o CEIP Párroco don Camilo.

- Estrada Matamá Pazo-Comesaña, de titularidade municipal, e que conecta as parroquias de Matamá e San Andrés de Comesaña.

Na actualidade o acceso o CEIP Párroco don Camilo se realiza dende un deficiente camiño, que conecta directamente con éste e con acceso dende a estrada Mátama Pazo-Comesaña, duncionando en fondo de saco.

A sección da estrada Matamá Pazo-Comesaña é certamente escasa e non conta maiormente con beirarrúas. Sen embargo, a sección do devandito camiño de acceso á escola, non é suficiente para dar cabida ás demandas de fluxo de vehículos nas horas de acceso e saída dos nenos ao centro de ensino, que coincide cos horarios de saída e chegada dos veciños residentes que acceden ás súas vivendas polo mesmo camiño. Esta situación provoca o colapso da estrada Matamá Pazo Comesaña nas franxas horarias de acceso e saída ao CEIP Párroco don Camilo.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Ademáis, os autobuses que trasladan aos nenos e nenas ao CEIP non poden acceder por dito camiño, pol que teñen que facer a súa parada na Estrada Matamá Pazo-Comesaña, nomeadamente, nunha explanada cercana que se localiza ao outro lado do centro respecto da estrada, onde igualmente estacionan os seus vehículos os pais e nais que levan personalmente aos seus fillos ao centro. Todo elo contribúe a colapsar a estrada Matamá Pazo e, así mesmo, á xeración dunha importante situación de inseguridade vial para os que acuden diariamente ao centro e, especialmente, para os cativos.



Figura 02. Esquema da situación actual da mobilidade na contorna do CEIP Párroco don Camilo. Fonte: Elaboración propia.

ANÁLISE DA MOBILIDADE COA PROPOSTA DO NOVO ACCESO AO CEIP PÁRROCO DON CAMILO

De acordo ao estado da situación actual descrito no punto anterior, o novo vial de acceso ao CEIP proxectado pretende dar unha resposta solvente ás deficiencias existentes en canto á mobilidade e accesibilidade ao centro docente.

Como xa se sinalou, a proposta consiste na definición dun novo vial de acceso que, partindo dende a estrada autonómica PO-552, cun trazado prácticamente perpendicular a ésta, conecta directamente co CEIP, discorrendo por parcelas vacantes de edificación na actualidade.

Proponse un vial de 16 m de sección, con acceso e saída dende a estrada PO-552 e para o cal se propón a definición dunha rotonda de remate, ás portas do CEIP, que resolva axeitadamente o xiro dos vehículos, tanto dos autocares como dos automóbiles privados das familias. Ademáis, nas inmediacións desa rotonda, e do acceso ao CEIP, o novo vial enlaza igualmente cun pequeno camiño existente,

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

proviñente do Camiño Pedreira, que discorre cunha traza perpendicular a éste, e que actualmente non ten saída, polo que favorecerá claramente a mobilidade nesa zona, tramando e rematando o tecido existente, sen prexuízo de que se poda regular no futuro a conveniencia de aignarlle ao mesmo un único sentido de circulación, para mellorar a funcionalidade do conxunto viario proxectado.

Ademáis, nesa zona da rotonda de remate, se prevé unha zona de desafogo viario, especialmente deseñada para o estacionamento e parada puntual dos autocares que acuden varias veces a diario ao centro, zona que igualmente poderá ser empregada para outros fines, como o de carga e descarga por exemplo, en horario distinto ao das entradas e saídas do alumnado do centro.



Figura 03. Esquema do estado final da mobilidade na contorna do CEIP Párroco don Camilo, tras a execución do novo acceso.

Fonte: Elaboración propia.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura 04. Esquema xeral da mobilidade rodada prevista en torno ao novo acceso ao CEIP Párroco don Camilo. Fonte: Elaboración propia.

En canto á funcionalidade viaria no encontro coa estrada autonómica, propóñense as seguintes actuacións:

- Entrada ao novo vial de acceso ao CEIP dende o sentido de circulación cara Baiona: proponse que os vehículos se apollen no xiro a esquerdas xa existente na PO-552, no cruce desta co Camiño Camposanto, para acceder dende a Avenida da Florida ao centro de ensino.

- Saída do novo vial de acceso ao CEIP cara Baiona: para evitar ter que forzar un xiro á esquerdas nesa intersección, os vehículos xirarán á dereita na PO-552, dirección avenida de Citroën. Ata a rotonda existente no cruce da estrada PO-552 coa Avenida de Florida, onde poderán virar e circular pola PO-552 en dirección a Baiona.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura 05. Detalle do esquema da mobilidade rodada en torno ao novo acceso ao CEIP Párroco don Camilo.

Fonte: Elaboración propia. DAE da AAE xa rematada.

O RESULTADO DOS DESPRAZAMENTOS RESULTANTES DA NOVA PLANIFICACIÓN.

Co novo vial de acceso ao CEIP Párroco don Camilo mellorase indiscutiblemente a situación actual da mobilidade na contorna do centro de ensino.

Liberarase unha importante densidade de tráfico rodado, de acceso e saída ao centro de ensino dende a estrada Matamá Pazo Comesaña, que se trasladará ao novo vial proxectado. A estes efectos, sinálase, sen embargo, que elo non suporá previsiblemente un incremento da densidade de tráfico na PO-552, xa que logo, esta via xa é utilizada polo tráfico rodado que leva ou recolle aos cativos no centro na actualidade (autocares e vehículos privados). En consecuencia, dita situación mellorará a seguridade viaria dos usuarios do Camiño Pedreira e da estrada Matamá Pazo Comesaña na zona, que se liberarán desta carga de tráfico tan específica.

Así, o novo acceso proxectado será un vial, eminentemente especializado na súa orixe, precisamente en dar servizo ao CEIP, enlazando dende a estrada PO-552, vía autonómica constituida por unha sección aproximada de 19 metros, que conta beirarrúas, zonas de estacionamento, sobreanchos, rotondas, e un carril de circulación para cada sentido.

Tendo en conta o xa exposto, as principais directrices seguidas na proposta do novo vial de acceso ao CEIP Párroco don Camilo poden resumirse nas seguintes:

- Dotar ao centro docente dun novo acceso rodado que garanta as necesarias condicións de seguridade viaria para os usuarios do CEIP.

- Mellorar a mobilidade na rede viaria existente na contorna do CEIP, reducindo os fluxos circulatorios actualmente existentes no Camiño Pedreira e a estrada Matamá-Pazó, definindo a execución dunha nova infraestrutura viaria na zona, que será vertebradora e estruturante da futura ordenación do ámbito de planeamento secundario no que se inxire, no contexto da ordenación prevista no documento de Revisión do PXOM en tramitación. Esta nova infraestrutura viaria permitirá a súa continuidade futura ao longo do ámbito de planeamento

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

diferido no que se integra na Revisión do PXOM actualmente en tramitación. Tendo en conta que a tramitación deste PEI transcorre paralelamente á da Revisión do PXOM, e que este último prevé un ámbito de solo urbano non consolidado (SUNC-615), a proposta que se achega se entende idónea para situar a reserva legal de espazos libres do ámbito na súa área oeste, en cumplimiento de los estándares da LSG. Isto permitirá no futuro, ter unha zona verde cun itinerario peonil vencelllado e, á súa vez, dito espazo libre poderá asociarse ao propio espazo de ensinanza e aprendizaxe que constitúe o equipamento escolar do CEIP. Estes espazos libres completarán ao mesmo, amparándoo e protexéndoo visual e ambientalmente das zonas que vaian estar máis densificadas dentro da ordenación futura, condición que podrá tutelarse directamente dende a ficha de planeamento correspondente ao ámbito, a recoller no citado documento de Revisión do PXOM.

- Garantir, complementariamente, a accesibilidade peonil ao CEIP dende a estrada autonómica PO-552, por medio da definición dun itinerario peonil accesible, adaptándose á topografía do ámbito.
- Conquerir a mellor integración da actuación no entorno rururbano circundante, con criterios de protección do patrimonio construído e o menor impacto territorial posible, por medio da adaptación ao parcelario e a topografía existente, e o respecto aos elementos identificativos dos asentamentos e a trama de soporte xa existente no territorio no que se desenvolve a actuación.
- A mellora das condicións de integración da zona e, especialmente do CEIP, no contexto funcional de primeiro orde da cidade, en base á operación proxectada.
- A mellora das condicións de vida da contorna, por medio da implementación desta nova infraestrutura viaria, que suporá unha evidente mellora, non só para os usuarios do CEIP, senón igualmente para os residentes nos asentamentos cercanos.
- Complementariamente, regularizar, por medio da actuación, a parcela do CEIP Párroco Don Camilo, mellorando así a coherencia e configuración da mesma, precisamente na zona na que se proxecta o novo acceso, para dotala do espazo suficiente por medio da cal se garanta o óptimo resultado e funcionamento presente e futuro do mesmo.
- Por último, desenvolver unha proposta estratéxica integrada, cosensuada cos veciños da zona e o claustro directivo do CEIP, logo do desenvolvemento dun proceso previo inicial de información e participación pública.

De acordo co anterior, e a modo de síntese, considérase que a actuación trasladará indudablemente a mellora da calidade de vida e a cohesión social na zona, especialmente para os usuarios do CEIP e os residentes veciños do mesmo, por medio da implementación dunha actuación sostible, que se apoia na mellora dos valores sociais, económicos e ambientais, dende unha perspectiva de deseño desta infraestrutura urbana sostible e integrado.

01.2 REDE DE ITINERARIOS PRINCIPAIS PARA PEÓNS.

A rede principal de itinerarios para peóns o constitúe o trazado dun itinerario accesible específico realizado ao efecto, ademáis do propio trazado do vial de acceso

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

proposto, que conta con beirarrúas en ambos os dous sentidos, tal e como se describe polo miúdo na documentación deste PEI.



Figura 06. Detalle do esquema das beirarrúas propostas no novo vial de acceso ao CEIP Párroco don Camilo.

Fonte: Elaboración propia.

01.3 REDE DE ITINERARIOS PARA BICICLETAS.

A rede de itinerarios para bicicletas o constitúe o propio trazado do vial de acceso proposto, tal e como se describe polo miúdo na documentación deste PEI. Se ben no se define un carril bici como tal, o vial conta con sección suficiente para simultanear a circulación de bicicletas con tráfico rodado previsto.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura 07. Detalle do esquema dos itinerarios para biciletas propostas no novo vial de acceso ao CEIP Párroco don Camilo.

Fonte: Elaboración propia.

01.4 REDE BÁSICA DE ITINERARIOS PRINCIPAIS DE VEHÍCULOS.

A rede de itinerarios para vehículos o constitúe o propio trazado do vial de acceso proposto, tal e como se describe polo miúdo na documentación deste PEI.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura 08. Detalle do esquema dos itinerarios para vehículos rodados proposto no novo vial de acceso ao CEIP Párroco don Camilo.

Fonte: Elaboración propia.

01.5 RESERVAS PARA APARCAMENTOS.

As reservas previstas para prazas de aparcadoiros se distribúen ao longo do novo vial de acceso proxectado. Se localizan no mesmo un total de 26 prazas de aparcadoiros públicos, das cales 4 prazas son para prazas para turismos de persoas con mobilidade reducida, e 2 prazas para autobuses.

01.6 REDE DE ITINERARIOS PARA TRANSPORTE COLECTIVO.

A rede de itinerarios para transporte colectivo a constitúe o propio trazado do vial de acceso proposto, tal e como se describe polo miúdo na documentación deste PEI. Se definen, así mesmo, zonas de estacionamento e parada para os autocares.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura 09. Detalle do esquema dos itinerarios para os vehículos de transporte público proposto no novo vial de acceso ao CEIP Párroco don Camilo. Fonte: Elaboración propia.

01.7 REPRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS DE RESERVAS DE ESPAZO DE APARCAMENTOS OU PARADA PARA OS VEHÍCULOS DESTINADOS AO TRANSPORTE COLECTIVO.

Como xa se sinaou, se definen zonas para o estacionamento e parada para os autocares, de feito que podan realizar a subida e baixada dos cativos dos mesmos en condicións de seguridade.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura 10. Detalle do esquema de reserva de espazo para estacionamento de vehículos de transporte público proposto no novo vial de acceso ao CEIP Párroco don Camilo. Fonte: Elaboración propia.

01.8 REPRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS DE RESERVAS DE ESPAZO PARA CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS.

Compatibilízanse as zonas para o estacionamento e parada dos autocares con espazos para a carga a descarga de mercadorías, o cal se regulará axetadamente dende o Concello, en virtude dos horarios de chegada e saída do CEIP. Todo elo sen prexuizo de que a actuación contempla igualmente un novo acceso rodado directo dende o vial á parcela final proposta do CEIP, pola que poderán acceder vehículos para realizar tarefas de carga e descarga, mantemento, emerxencias, etc.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura 11. Detalle do esquema de reserva de espazo para carga e descarga de mercadorias proposto no novo vial de acceso ao CEIP Párroco don Camilo. Fonte: Elaboración propia.

01.09 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS ESIXIDAS POLA NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NO SECTOR.

Esta xustifícación recóllese no apartado 2.15 da Memoria Xustificativa deste PEI.

01.10 ENCAIXE E DEFINICIÓN DOS NODOS DE UNIÓN COA REDE XERAL DO MUNICIPIO (VIARIA, PEONIL, DE BICICLETAS E DE TRANSPORTE PÚBLICO)

O enlace coa rede xeral viaria se realiza na estrada autonómica PO-552.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

01.11 PROPOSTA DE FINANCIAMENTO DOS DIFERENTES CUSTOS XERADOS POLO INCREMENTO DE MOBILIDADE DEBIDO Á NOVA ACTUACIÓN.

De acordo ao que se recolle no Estudo Económico e na Memoria de Viabilidade Económica deste PEI, así como na Memoria Xustificativa do mesmo, de seguido se resumen as intensidades dos custes previstos para o desenvolvemento da actuación proxectada, fora do DP da estrada autonómica PO-552:

Custe da expropiación dos terrros:	228.560,00 €
Custe da urbanización do vial rodado municipal e beirarrúas:	478.179,72 €
Custe da urbanización do itinerario peonil accesible municipal:	545.700,00 €
Custe da urbanización da parcela dotacional:	22.631,56 €
TOTAL CUSTES ESTIMADOS DA ACTUACIÓN FORA DO DP DA PO-552:	**1.204.049,80 €**

Custe da urbanización dos terreos situados en dominio público viario autonómico:

Custe da urbanización do vial rodado:	55.722,84 €
Custe da urbanización do itinerario peonil accesible:	45.750,00 €
TOTAL CUSTES ESTIMADOS DA ACTUACIÓN DENTRO DO DP PO-552:	**101.472,84 €**

TOTAL CUSTES ESTIMADOS DA ACTUACIÓN:	**1.376.544,12 €**

En Vigo, a febreiro de 2025.
O arquitecto,

Ángel J. Santorio Cuartero.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025